

1. OBXETIVO

Dar a coñecer a media maratón polo camiño de Santiago no tramo entre Palas de Rei e Melide, así como a promoción e divulgación de actividades deportivas e culturais no entorno da comarca e o achegamento ao deporte a través da fotografía.

2. TEMÁTICA

As fotos deberán realizarse durante o transcurso da media maratón “Os 21 do camiño” que se celebrará o 17 de xuño, e deberán estar relacionadas coa carreira e as actividades deportivas en torno a mesma.

3. PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso todas aquelas persoas que o deseen, sin restricción de idade nin nacionalidade, salvo aquelas que formen parte do xurado do propio concurso.

4. OBRAS

Poderán presentarse un máximo de 5 fotografías por autor.

Quedarán excluídas aquelas que puideran resultar de mal gusto u ofensivas polo seu contido, e contrarias a legalidade vixente.

O autor deberá garantir que é o único titular de todos os dereitos de autor sobre a fotografía que presenta a concurso, e responsabilízase totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda a reclamación de terceiros por dereitos de imaxen.

As obras poderán publicarse na web e redes sociais, tanto da organización como dos colaboradores, tanto do concurso como da media maratón.

5. PRESENTACIÓN

- Deberán presentarse en formato jpg, con un peso máximo de 2 Mb.
- Está permitida a manipulación da fotografía sempre e cando non desvirtúe a propia fotografía.
- A data límite de presentación será o sábado 25 xuño as 24:00.
- Deberán enviarse o seguinte correo: adcerne@os21docamino.com
- Deberá especificarse no asunto: concurso fotografía “os 21 do camiño”

No Correo deberá indicarse os seguintes datos de contacto: Nome e apelidos DNI Número de contacto Correo electrónico

Calquera obra fotográfica que non cumpla os requisitos establecidos nas bases serán descartadas.

6. PREMIOS

Concederanse tres premios as tres fotografías mellor valoradas polo xurado cunha cuantía total de 200 € distribuídos do seguinte xeito: 1º premio 100 € 2º premio 60 € 3º premio 40 €

Ningún autor poderá ser premiado con dúas ou máis fotografías das que presente.

A renuncia a un premio, calquera que sexa o motivo, non dará lugar a compensación alguna.

Cunha selección das fotografías realizarase unha exposición itinerante para a promoción de futuras carreiras.

falla do xurado do xurado publicarase na web e redes sociais, da carreira, da Ad Cerne e de ENFOCAME antes do 2 de xulio.

7. XURADO

O xurado estará formado por tres persoas, dúas de elas membros da asociación Encontros Fotográficos e Culturais de Melide (ENFOCAME) e un membro da asociación deportiva Cerne, organizadora da carreira.